



Adaptación Programación Educación Primaria

Tendo en conta o *Decreto 105/2014 do 4 de setembro polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*, e segundo as *Instrucións do 27 de abril de 2020 da Dirección Xeral de Educación* para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso 2019/20 establécense os seguintes criterios de avaliacións e contidos mínimos esixibles para o seguinte nivel educativo:

RELIXIÓN.

4ª Educación Infantil.

Obxectivos	Criterios de avaliación
Admirar os elementos da natureza creados por Deus.	Recoñece xestos que manifestan amor e admiración polos animais e as plantas.
Nombrar animais e plantas do contorno.	Identifica e nomea elementos da natureza.
Coiñecer o relato bíblico de "A Creación"	Escoita con atención o relato bíblico de "A Creación".
Identificar os movementos que se poden realizar coas diferentes partes do corpo.	Diferencia as partes do corpo que se utilizan para xogar.
Descubrir o corpo como un agasallo de Deus.	Imita xestos relixiosos con diferentes partes do corpo.
Escoitar e comprender o relato bíblico de "Adán e Eva".	Escoita o relato de "Adán e Eva".
Participar da alegría do Nadal cos amigos e a familia.	Recoñece diferentes elementos do Nadal.
Identificar os principais personaxes do Belén.	Identifica os personaxes do Belén.
Coiñecer o relato bíblico de "O Nacemento de Xesús".	Sente alegría polo nacemento de Xesús.
Cantarlle unha canción ao neno Xesús.	Canta ao Neno Xesús polo seu nacemento.
Descubrir a importancia de ter unha familia que se quere.	Nomea os membros da súa familia.
Identificar os membros da familia de Xesús.	Identifica a Virxe María e San Xosé como os pais de Xesús.
Identificar os xoguetes como agasallos e mostras de cariño das persoas.	Escoita con interese un conto sobre o amor e como compartir os xoguetes.
Diferenciar comportamentos construtivos e destrutivos da vida diaria.	Discrimina accións positivas e negativas da vida diaria.
Visualizar a parábola contada por Xesús "O bo samaritano"	É quen de saber quen axuda e quen non, e que hai que axudar aos demais.



5ª Educación Infantil.

Obxectivos	Criterios de avaliación
Descubrir a beleza da natureza e a necesidade do seu coidado.	Identifica e nomea elementos da natureza.
Recoñecer nos elementos da natureza a obra de Deus.	Relaciona imaxes de plantas e animais cos coidados necesarios para medrar.
Coñecer o relato bíblico de "Deus coida das flores do campo".	Escoita con interese o relato bíblico e conversa sobre el.
Tomar conciencia da importancia de compartir coas persoas que o necesitan.	Escoita con interese un conto sobre como os alumnos comparten os seus alimentos.
Valorar a importancia de ter unha familia e uns amigos.	Describe comportamentos de amor e cariño que se dan nunha familia.
Descubrir á Igrexa como a gran familia de Deus.	Identifica e colorear imaxes sobre a Igrexa.
Coñecer como Xesús ía ao templo e falaba co seu Pai Deus.	Escoita os relatos ou visualiza os vídeos con interese.
Expresarlle agradecemento a Deus por regalarnos unha gran familia.	Expresa con xestos unha oración.
Identificar diferentes motivos do Nadal.	Describe a alegría do Nadal.
Descubrir o nacemento de Xesús e a adoración dos Reis e pastores.	Escoita con interese o relato bíblico acerca do Nadal.
Identificar os pastores e os Reis Magos.	Recoñece os pastores e os Reis Magos.
Coñecer o relato bíblico de "O bo samaritano".	Contesta preguntas sobre o relato bíblico de "O bo samaritano".
Visualizar cancións ou pequenos fragmentos de relatos bíblicos.	Visualiza e escoita con atención e en silencio.
Identificar a Xesús como modelo de persoa que amou e se preocupou dos seus semellantes.	Valora a axuda e o coidado cara aos amigos.
Visualizar a parábola contada por Xesús "A ovella perdida"	É quen de saber que o pastor coida á súa ovella coma súa familia a el/ela.



6ª Educación Infantil.

Obxectivos	Criterios de avaliación
Identificar hábitos e comportamentos saudables.	Diferencia alimentos bos e saudables dos que non o son.
Valorar a saúde como un grande agasallo de Deus.	Identifica alimentos que nos axudan a medrar e a estar sans e fortes.
Coñecer o relato bíblico dunha curación de Xesús.	Escoita o relato de "Xesús cura un cego".
Tomar conciencia da importancia de amar e perdoar as persoas que nos rodean.	Dialoga sobre a importancia de se arrepentir cando se comporta mal.
Descubrir que na Biblia está escrita a historia do amor de Deus ás persoas.	Identifica a Biblia como o libro que narra o amor de Deus.
Coñecer o relato bíblico de "O bo samaritano".	Contesta preguntas sobre o relato bíblico de "O bo samaritano".
Visualizar o relato bíblico de "O fillo pródigo".	Escoita con interese o relato de "O fillo pródigo".
Apreciar a alegría das festas e a colaboración entre as persoas	Colabora con alegría nas festas de Nadal.
Recoñecer que os cristiáns celebran a festa de Nadal con amor e alegría	Identifica e nomea adornos de Nadal.
Escoitar con atención o relato bíblico de "O nacemento de Xesús".	Conta o máis importante do relato de "O nacemento de Xesús".
Descubrir a importancia da auga para a vida das persoas e os animais	Enumera situacións nas que os seres vivos necesitan auga.
Coñecer que o Bautismo nos fai fillos de Deus.	Identifica obxectos relacionados co Bautismo.
Escoitar con atención o relato bíblico de "O bautismo de Xesús".	Identifica a Xesús e a Xoán Bautista no relato bíblico.
Visualizar cancións ou pequenos fragmentos de relatos bíblicos.	Visualiza e escoita con atención e en silencio.
Coñecer a parábola contada por Xesús "A ovella perdida"	Escoita con interese o relato de "A ovella perdida".



1º Educación Primaria.

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Identificar os elementos da natureza	Debuxa elementos da natureza
Coñecer o relato bíblico "A Creación de Deus"	Nomea os regalos da Creación de Deus.
Valorar a importancia que teñen as ensinanzas dos libros.	Identifica a Biblia como a Palabra de Deus.
Ler e visualizar o relato bíblico «Deus e Noé».	Coñece o relato bíblico «Deus e Noé».
Identificar comportamentos para celebrar o Nadal.	Explica como celebra o Nadal.
Coñecer o relato bíblico «O nacemento de Xesús».	Expresa os personaxes que adoraron o Neno Xesús.
Valorar os xestos de amor das persoas que nos aman.	Describe bos comportamentos e xestos de amor polos demais.
Recoñecer a mensaxe e a ensinanza dalgunhas parábolas de Xesús.	Coñece o relato bíblico «A parábola da ovella perdida».
Observar e identificar bos comportamentos	Indica bos comportamentos na vida diaria.
Descubrir que os cristiáns lle rezan a Deus para falar con El.	Sabe que Deus sempre escoita e fala.
Valorar a importancia de falar e escoitar con respecto	Mostra interese por falar e escoitar con respecto.

2º Educación Primaria.

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Identificar na propia vida o desexo de ser feliz.	Valora e agradece que Deus o creou para ser feliz.
Coñecer o relato bíblico "O Paraíso".	Le e comprende o relato bíblico do Paraíso.
Recoñecer e interiorizar o valor da amizade.	Enumera formas de practicar a amizade.
Ler e comprender o relato: «O patriarca Abrahán».	Coñece a promesa feita por Deus a Abrahán.
Aprender o significado do tempo de Advento.	Identifica os signos de Advento como tempo de espera.
Identificar o significado profundo do Nadal.	Coñece o relato do nacemento de Xesús e a anuncio aos pastores.
Identificar a acción de Deus na historia en relatos bíblicos.	Coñece e é quen de contar algún relato bíblico.
Expresar a finalidade de «A tenda do Encontro».	Expresa a función que tiña «A tenda do Encontro».
Descubrir en que consiste o valor do amor.	Identifica a Deus como fonte de amor.
Observar e comprender os signos presentes na liturxia bautismal.	Asocia os elementos materiais da auga, a luz e o óleo co seu significado sacramental
Ler e comprender a historia bíblica «O Bautismo de	Describe o símbolo do Bautismo que aparece no re-



Xesús».	lato.
---------	-------

3º Educación Primaria.

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Coñecer a existencia de relatos antigos que narran a orixe do mundo e das persoas	Le e entende un relato mitolóxico sobre a creación.
Interpretar o relato bíblico «A Creación de Deus»	Coñece os principais acontecementos que acontecen no relato bíblico «A Creación de Deus».
Coñecer comportamentos de colaboración con Deus no coidado da súa obra creadora.	Explica en que consiste o valor do coidado da natureza
Recoñecer comportamentos que poñen de manifesto a bondade das persoas	Describe comportamentos de bondade con outras persoas.
Coñecer o ensino da parábola do bo samaritano.	Entende o ensino de «A parábola do bo samaritano».
Descubrir os principais acontecementos do relato bíblico «Moisés e os Dez Mandamentos».	Describe os principais acontecementos da vida de Moisés.
Recoñecer comportamentos nos que se practica o valor da obediencia.	Enumera comportamentos de obediencia nunha situación dada.
Valorar o Nadal e que Xesús vén para salvarnos, móstranos o camiño, a verdade e a vida.	Coñece feitos relacionadas coa celebración do Nadal.
Coñecer o relato bíblico «O Neno Xesús e os pastores».	Recorda os principais acontecementos do nacemento de Xesús.
Describir comportamentos de humildade entre as persoas.	Mostra interese por descubrir o valor da humildade.
Coñecer que todo canto fixo Xesús por nós é porque nos ama.	Resume o máis importante da vida de Xesús.
Valorar os comportamentos de agradecemento aos demais.	Describe algún feito que sirva de exemplo para ensinar o comportamento de ser agradecido cos demais.
Descubrir as ensinanzas do relato bíblico «O leproso agradecido».	Resume o relato bíblico do leproso agradecido e extrae as súas ensinanzas.
Explicar comportamentos para practicar o valor da caridade na vida.	Dialoga sobre a importancia de practicar o valor da caridade para construír un mundo mellor.



4º Educación Primaria.

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Tomar conciencia de que Deus axuda o home sen quitarlle a súa liberdade, dándolle a forza para vencer o mal.	É quen de ver a ruptura que provoca o pecado.
Interpretar o relato bíblico «A Torre de Babel»	Coñece os principais acontecementos que acontecen no relato bíblico «A Torre de Babel».
Recoñecer a importancia da reconciliación para vivir en paz.	Sinala como se pode vivir en paz cos demais.
Recoñecer o valor do altruísmo.	Expresa en que consiste o valor do altruísmo.
Coñecer o ensino da parábola do fillo pródigo.	Entende o ensino de «A parábola do fillo pródigo».
Expresar a historia presente nunha obra de arte.	Relata a historia presente nunha pintura.
Comprender o significado dos símbolos no relato bíblico «O pecado orixinal».	Identifica os símbolos que aparecen no relato bíblico sobre o pecado orixinal.
Recoñecer comportamentos nos que se practica o valor da misericordia.	Enumera comportamentos de misericordia cos demais.
Ler e coñecer momentos da historia do rei David en que abusa da misión encomendada por Deus.	Describe comportamentos da vida do rei David que se opoñen á vontade de Deus.
Recordar historias bíblicas nas que Deus promete o Mesías.	Recorda escenas bíblicas onde Deus fai a promesa de enviar o Mesías.
Comprender o relato bíblico «A adoración dos Magos».	Expresa a ensinanza do relato bíblico «A adoración dos Magos».
Comprender o significado dalgunhas parábolas do perdón.	Analiza e comenta as parábolas do fillo pródigo e do fariseo e o publicano.
Descubrir en que consiste o valor da boa convivencia.	Practica o valor da boa convivencia en clase.
Ler e comprender a historia bíblica «Xesús cura un paralítico».	Entende o sentido do relato «Xesús cura un paralítico».



5º Educación Primaria.

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe

6º Educación Primaria.

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe

Procedemento de avaliación	
<p>Procedementos: Observación directa .</p> <p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p>Nota media do primeiro e segundo trimestre, tamén se terá en conta o traballo de reforzo positivamente e sempre que sexa unha millora para o alumnado.</p>	
Instrumentos de avaliación	
<p>Instrumentos: Rexistro anecdótico, diario de clase.</p>	
Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo e ampliación)	
<p>Actividades elaboradas para ser subidas á aula virtual. Enfocadas a que o alumnado recorde o xa dado no primeiro e segundo trimestre. Pequenas lecturas , exercicios simples que se fan sin ter que imprimir e coa solución ao final da ficha para que comprobén, realizar un debuxo sinxelo e visualización de pequenos vídeos relacionados co tema tratado, con enlaces a youtube.</p>	
Materiais e recursos	Pdf's por curso e por semana subidos á aula virtual



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP "NICOLÁS DEL RÍO"

R/ López Cortón s/n - Tfño.: 881 930091

15350 - CEDEIRA (A CORUÑA). ceip.nicolas.rio@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipnicolasrio/>

